

E NA PORTA DO LADO

Era unha muller moi gorda e respectadiña porque nin ía ás leiras para que non a tomase o sol nin facía cousa en ningures. Andaba polas casas dos veciños, sempre a se queixar do seu mal:

—¡Ai, miña filia, estouche perdidiña! ¡Non podo máis! ¡Este meu mal acaba comigo! ¡Sempre sufrindo, sempre penando, mellor quixera morrer!

¡Mais non morría, non, que cada vez agarrábase máis á vida! O que ela quería era non traballar e pasalo ben. Xa non era nova e, como tiña boa pibela, as veciñas gustaban da súa leria e facían canto podían para que non lle faltara nada.

Cando estaba sentada nun tallo á porta da casa, cantos pasaban non deixaban de lle preguntar:

—¿E logo, tía Antona, como é que vai hoxe?

—Mal, meu filliño, mal. ¡Vale máis morrer! ¿Que fai unha coma min soíña no mundo? Pasar necesidade. Iso que eu teño a sorte grazas as veciñas —Deus as garde— de que che non me falla cousa ningunha. ¡Ai, canto estimaba de morrer! Eu pído-lo ao Señor mais non me quere oír para meu castigo. ¡Canto maliño paso! ¡Canto! ¡Ai, se me oíse Deus e me quixese levar....!

E aconteceu que uns mozos burleantes, unha noite, acenderon fachuzos de pallas e puxéronse a brincar en rolda diante da porta da vella, e un deles petou na porta. A vella acordou co barullo, ergueuse e antes de abrir mirou polo ferrollo da porta, viu o lume dos fachuzos e preguntou:

—¿Quen é?

—A morte —respondéronlle—. ¿Non é nesta casa onde vive a tía Antona que sei que chama por min a cada día?

E contestou a vella con falas arrepiadas:

—Non é aquí, miña filla, non é aquí. ¡Vaia máis adiante, que é na porta do lado!